

TERESA BARBERENA

O papel dos medios na integración real das persoas con discapacidade

The role of the media in the integration of disabled persons

Resumo: Os medios de comunicación son fundamentais para a integración das persoas con discapacidade na sociedade. Non obstante, a presenza real das persoas con discapacidade na sociedade non é proporcional á súa presenza nos medios de comunicación. A pesar da súa importancia como integradores, os medios de comunicación danlle pouca relevancia ás informacións sobre discapacidade concedéndolle espazos moi pequenos. A pouca información nos medios de masas sobre a realidade da discapacidade non se pode atribuir o desinterés da maioría da sociedade, xa que moitas son as persoas en Europa, España e Galicia con algún tipo de discapacidade, e polo tanto interesados en información sobre esta temática. Os medios de comunicación minorizan a presenza das persoas con discapacidade facendo invisibles os problemas, e polo tanto, desfavorecendo o debate social.

Palabras-clave: persoas con discapacidade; medios; asociacións; integración.

Abstract: The mass media are fundamental for the integration of the people with disability in the society. Nevertheless, the real presence of the people with disability in the society is not proportional to its presence in mass media. In spite of their importance like integrators, the mass media give to little relevance to the information on disability granting to him very small spaces. The little information in the media about disability cannot be attributed to the disinterestedness of most of the society, since many are people in Europe, Spain and Galicia with some type of disability, and therefore interested in information on this thematic one. The mass media minorize the presence of the people with disability doing invisible the problems, and therefore, working against the social debate.

Keywords: persons with disability; media; associations; integration.

Os medios de comunicación son fundamentais para a integración das persoas con discapacidade na sociedade. Non obstante, a presenza real das persoas con discapacidade na sociedade non é proporcional á súa

presenza nos medios de comunicación. A pesar da súa importancia como integradores, os medios de comunicación danlle pouca relevancia ás informacións sobre discapacidade concedéndolle espazos moi pequenos. A pouca información nos medios de masas sobre a realidade da discapacidade non se pode atribuír o desinterés da maioría da sociedade, xa que moitas son as persoas en Europa, España e Galicia con algún tipo de discapacidade, e polo tanto interesados en información sobre esta temática. Os medios de comunicación minorizan a presenza das persoas con discapacidade facendo invisibles os problemas, e polo tanto, desfavorecendo o debate social:

The mass media are fundamental for the integration of the people with disability in the society. Nevertheless, the real presence of the people with disability in the society is not proportional to its presence in mass media. In spite of their importance like integrators, the mass media give to little relevance to the information on disability granting to him very small spaces. The little information in the media about disability cannot be attributed to the disinterestedness of most of the society, since many are people in Europe, Spain and Galicia with some type of disability, and therefore interested in information on this thematic one. The mass media minorize the presence of the people with disability doing invisible the problems, and therefore, working against the social debate.

Centrando o estudo en Galicia compróbase como os cidadáns con discapacidade non teñen ningún medio de comunicación de masas con espazos especiais para as súas novidades nos media da autonomía. En España, existen programas de radio de emisoras privadas que contemplan o colectivo con espazos, e incluso, programas sobre o tema. Tanto en España como en Galicia existen publicacións, de distinta periodicidade, especializadas editadas por asociacións ou entidades dirixidas ao colectivo. Pero, estas publicacións non chegan a toda a poboación española e galega e polo tanto, non suscitan o debate ou ofrecen información a toda a sociedade. Claro está a súa importancia para informar ó colectivo sobre as novidades. Pero, non poden suplir a necesidade de ter relevancia informativa nos mass media, os que teñen unha gran influencia no debate da sociedade. As persoas con discapacidade precisan xerar debate ó redor de problemáticas que lle afectan e que cunha cooperación de tódolos axentes da sociedade poderían solucionarse en certa maneira. Os medios poden difundir os dereitos das persoas con discapacidade a toda a sociedade e tamén ó propio colectivo. O xornalismo tamén pode colaborar á equiparación de oportunidades coa articulación do tema dentro da axenda de medios. Por exemplo, a dificultade para atopar un emprego digno. Na Unión Europea, o 46% das persoas con discapacidade moderada están traballando, pero cando non referimos a persoas cunha

discapacidade severa, a porcentaxe diminúe ó 24%. Esta é unha pequena mostra das barreiras en diferentes ámbitos que existen en Europa, España e Galicia para as persoas con discapacidade. Hai que eliminar as barreiras físicas e mentais para que poidan ter igualdade de oportunidades co resto dos cidadáns.

Unha das maneiras máis eficaces para romper barreiras mentais e integrar ás persoas con discapacidade é facer presentes os problemas nos medios de comunicación, que son o maior foro social que existe. Unha maior presenza informativa facilitaría a súa integración na sociedade. Por un lado, a presión informativa sobre o tema axudaría a que os cidadáns demandasen mellores leis para os seus concidadáns e así mesmo, os políticos tivesen presentes as súas necesidades. Os media poden axudar a que o Estado adopte accións para propiciar a reinserción social dos cidadáns. Así poden promover programas de emprego para persoas con discapacidade.

Por outra banda, os medios de comunicación son fundamentais para facer visibles as persoas con discapacidade. E, sobre todo, poden chegar á poboación as medidas de rehabilitación e prevención. Así, o xornalismo é fundamental para colaborar coas medidas de prevención a través de campañas de sensibilización coa difusión de información pertinente. Por exemplo, os medios poden alertar a poboación sobre as consecuencias dos accidentes de tránsito.

As barreiras arquitectónicas dificultan máis a vida das persoas con discapacidade. A planificación das cidades para facer máis doada a vida das persoas con discapacidade é outro dos debates que poden xerar os medios de comunicación. Unha problemática que non pode solucionar directamente os medios de comunicación, pero sí poden rachar coas 'barreiras arquitectónicas' das súas publicacións ou retransmisións, que non permiten que toda a poboación poida exercer o seu dereito a estar informados. Aínda que o colectivo de persoas con discapacidade é moi amplo, a súa invisibilidade é, ás veces, tan significativa que as empresas dos medios de comunicación non se plantexan tirar estas barreiras da comunicación. Tense que favorecer ó máximo a accesibilidade dos seus servizos e contidos, introducindo soportes, formatos e outras medidas (subtítulos, linguaxes especiais), ademais de directrices internas sobre o tratamento dos temas relativos á discapacidade.

No análise feito no estudo O Tratamento informativo das persoas con discapacidade nos medios de comunicación galegos (Barberena, T; Reboirás, O e Villanueva, J.) os datos amosan a pouca relevancia que se lle da ás informacións sobre discapacidade. Por exemplo, a meirante parte das novas publícanse na sección de local e non son repartidas segundo a súa temática: saúde, deporte, sociedade. O maior número destas novas

publicábase en verán, hai polo tanto unha estacionalidade das informacións sobre o colectivo. Recórdese que na época estival hai unha baixada do fluxo informativo. Ademais estas novas son dun tamaño intermedio (45%) e breve (43%), inferiores a unha columna. A pouca importancia atribuída ás novas reforzas coa falta de imaxe gráfica. Así case a metade das noticias analizadas non contaban con imaxe gráfica.

A Declaración de Madrid, aprobada no marco do Congreso Europeo sobre Discapacidade de 2002, sinalou que a discriminación pode producirse en ocasións a causa dos prexuízos da sociedade, pero máis a miúdo está causada polo feito de que as persoas con discapacidade foron longamente esquecidas e ignoradas, polo que convidou aos:

medios de comunicación a crecer e fortalecer alianzas coas asociacións de persoas con discapacidade, para mellorar a imaxe das persoas con discapacidade nos medios de comunicación. Deberíase potenciar a inclusión de informacións sobre as persoas con discapacidade nos medios de comunicación como recoñecemento á diversidade humana. Ao referirse á discapacidade, os medios de comunicación deberían evitar enfoques condescendentes ou humillantes e centrarse máis ben nas barreiras ás que se enfrontan as persoas con discapacidade e na positiva contribución a que as persoas con discapacidade poidan facer unha vez que se eliminan esta barreiras.

Nesta liña sitúase en 1982 a Asamblea Xeral da ONU que aprobou o Programa de Acción Mundial para as Persoas con Discapacidade, no que se apuntaba:

Deben de desenvolverse pautas, en consulta coas organizacións de persoas con discapacidade, para estimular aos medios de información a ofrecer unha imaxe comprensiva e exacta, así como unha representación e informes ecuanimes, sobre as discapacidades e os suxeitos das mesmas, na radio, na televisión, no cinema, na fotografía e na palabra impresa. Un elemento fundamental destas pautas sería que as persoas con discapacidade estivesen en situación de presentar os seus problemas ao público por elas mesmas e suxerir a forma de resolvelos. Tense que estimular a inclusión de información sobre a realidade das discapacidades nos plans de estudo para a formación de xornalistas" (Nacións Unidas, 1992, parágrafo 149).

Non obstante, Pablo del Río (1991), un dos pioneiros no estudio dos problemas sociais nos medios de comunicación, sinala que o tratamento caracterízase por unha presenza escasa e deturpada. Escasa polo número de noticias que se ofrecen. Deturpada porque gran parte das novas dan información de maneira illada, sen analizar as circunstancias e o contexto no que se producen e porque, na maioría dos casos, preséntanse ademais como noticias breves ou relacionadas cos sucesos. Polo con-

trario, son pouco numerosas as noticias que afondan nos aspectos explicativos e contextuais das circunstancias que rodean os acontecementos de tipo social. Oriéntanse cara a un relato descritivo de feitos puntuais e frecuentemente non supoñen ningunha actividade previa de investigación por parte dos profesionais dos medios de comunicación.

Demetrio Casado no seu libro considera que o “principal deber da comunicación social relativa á discapacidade é informar sobre a mesma”. Así, non se deben ocultar os problemas das persoas, pero tampouco as capacidades. Polo que o xornalismo ten que ofrecer “unha imaxe comprensiva e exacta”, como din as Nacións Unidas, sen caer no “amarillismo” nin no edulcoramento.

É moi reveladora a Declaración de Atenas do Congreso Europeo de Medios de Comunicación e Discapacidade insiste en que as persoas con discapacidade non deberían aparecer só nos medios de comunicación cando se traten problemas relativos á discapacidade, se non que sería importante que os expertos en discapacidade participaran en debates políticos e que se fomentase unha imaxe de discapacidade como un elemento máis da diversidade humana.

Como xa se asegurou, o peso das persoas con discapacidade é maior do que reflicten os medios. As cifras falan por si mesmas. Na Unión Europea hai arredor de 38 millóns de persoas que teñen algún tipo de discapacidade, un 14,5% da poboación total da UE. É dicir, un de cada dez europeos é unha persoas con algunha discapacidade. En España, o colectivo de persoas con discapacidade, segundo a primeira enquisa sobre discapacidade publicada polo Instituto Nacional de Estadística (INE), chegan a ser máis de tres millóns e medio de cidadáns. Así, un 9% da poboación padece algún tipo de minusvalía física ou psíquica, é dicir, 3.528.221 de persoas. As comunidades autónomas con maior número de persoas con discapacidade son Andalucía, Cataluña, Madrid e Valencia, pero tamén son as que teñen maior poboación. Un dato significativo é que un 58% das persoas con discapacidade en España son mulleres. Polo que estas cidadás sofren a invisibilidade informativa, tanto por ter unha discapacidade como por ser mulleres. En Galicia, hai 272.190 persoas con discapacidade. E tamén, hai máis mulleres con discapacidade, unhas 158.302 mulleres, fronte ós 113.888 homes.

Todas estas persoas son un público obxectivo que está interesado en recibir información sobre discapacidade. Se a esta cifra lle sumamos os familiares, achegados e amigos das persoas con discapacidade, supoñen un público receptor de información moito máis amplo. Facendo números aproximados, se se suma de media a cada persoa con discapacidade un pequeno núcleo familiar de dúas persoas máis (sexan pai ou nai ou esposo/a e fillo/a, etc), en Galicia, hai arredor de 816.570 persoas, ou máis,

interesadas nas novas sobre discapacidade. A este colectivo habería que sumarlle o dos profesionais socio-sanitarios, traballadores sociais e outras profesións relacionados coas asociacións e persoas con discapacidade, polo que o colectivo interesado é aínda máis numeroso. Pódese dicir que 1/3 da poboación galega estaría interesada en informacións sobre discapacidade.

Esta presenza paténtase nun tecido asociativo moi rico en Galicia, xa que hai máis de cen asociacións de persoas con discapacidade, que teñen diferentes cometidos, dende o asistencial ata o de integrar no mundo laboral ós seus membros. Un tecido asociativo moi amplo que traballou arreo nos últimos anos para saír da invisibilidade. Moitas asociacións galegas pertencen a unha entidade maior, federación galega ou española, que as aglutinan para ter máis forza na sociedade. As federacións levan traballando décadas por facer visibles as poucas políticas de integración social. Por todos é coñecida A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) naceu no transcurso dunha reunión celebrada en Santiago de Compostela, en marzo de 1976. O 11 de novembro de 1979 asínase a Acta Fundacional da FAXPG. Pola súa parte, a Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) é unha organización non gubernamental de ámbito autonómico á que pertencen máis de corenta asociacións de persoas con discapacidade física de carácter autonómico, provincial e comarcal. A Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) fúndase en marzo do ano 1990. A Asociación contra as Enfermidades Neuromusculares (ASEM) está formada por afectados, familiares e outras persoas que, dunha forma desinteresada, levan a cabo a tarefa de apoiar e orientar a quen padece algunha das seguintes enfermidades: distrofias musculares de Duchenne, de Becker, distrofia de cinturas, facioescapulo humeral, miopatías congénitas, atrofas espinales, polineuropatías, miastemia, hipertermia maligna, etc. A asociación naceu en 1995. Autismo Galicia é a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas Autistas, Psicóticas e con Trastornos Graves da Persoalidade residentes na Comunidade Autónoma de Galicia. A Federación ten como funcións servir de nexo de unión entre as distintas organizacións membro, coordinar cantas accións e iniciativas sexan precisas para a obtención de recursos e ser portavoz ante a cidadanía e as administracións. FADEMGALIA- FEAPS GALICIA é a Federación de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia. Nace o 14 de Xullo de 1979, con 5 asociacións, inaugurando o seu local o día 19 de Xuño de 1993 en Santiago de Compostela. Hoxe en día conta 44 asociacións, repartidas entre as catro provincias galegas. A Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES GALICIA) nace en xaneiro de 1995, promovida polas Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais existentes en Galicia nese momento. Na actualidade está com-

posta por 14 asociacións distribuídas por toda a xeografía galega. Todo este movemento asociativo forma unha rede tupida por toda Galicia que traballa polas persoas con discapacidade.

O poñer sobre a mesa a importancia social das persoas con discapacidade e as asociacións en Galicia e por outro lado, a falta de información sobre o colectivo, non queda máis que dar unhas recomendacións ós medios de comunicación galegos para que aposten por un xornalismo máis social no que se integre a tódolos cidadáns.

Así para mellorar o tratamento informativo, os medios de comunicación non deberían tratar as persoas con discapacidade como un colectivo que estivese restrinxido case na súa totalidade a unha sección concreta (Sociedade, ...), hai que normalizar a inclusión deste colectivo ou minoría en todas as áreas da sociedade e en todos os ámbitos sociais, polo que se debería tratar este tema en todas as seccións dos xornais ou dos medios. Así mesmo, debido ao expresado na introdución deste estudo, a repercusión social da minoría dos discapacitados (persoas con discapacidade, familia directa de primeira orde e xente que os rodea) é moi relevante. Así que é necesario un espazo concreto adicado a eses lectores potenciais (consumidores de información). É necesario adicarlle unha cobertura habitual nos medios de xeito regular.

Por outro lado, a importancia da sección sanitaria, da saúde en si mesma, nunha sociedade cada día máis preocupada pola prevención de enfermidades e polo mantemento correcto do noso corpo, ven demandando a utilización dun xornalismo especializado e a creación dunha sección concreta sobre este ámbito do saber, onde se traten temas de prevención e axuda a este colectivo en concreto. Xa no tratamento informativo hai que recalcar a importancia da prevención, hai que facer un xornalismo de prevención, educando a xente antes de que se presente a discapacidade e recalcar as posibles consecuencias. Ser capaces de que a sociedade estea sensibilizada co colectivo e coa súa problemática diaria, tanto coa propia persoa que sofre a discapacidade coma coa xente que o rodea.

Como xa se dixo anteriormente, hai que desfacerse das barreiras de accesibilidade á información, seguir as leis de usabilidade de Nielsen, que din que hai que facilitar ao lector ou espectador a chegada á información, ven sexa pola radio, pola televisión, na Internet ou no xornal.

Así mesmo, hai que facer unha especialización do xornalismo: un bo xornalista ten que tratar este tema dende a realidade, entender a problemática, os termos, as fontes, ... dado isto hai que ter alguén na redacción específico ou polo menos que estea vencellada co tema que se centre en toda esta información. Neste caso podería ser a persoa que estea vencellada ao xornalismo máis social. Hai un descoñecemento por

parte de moitos xornalistas da “rede de fontes do mundo dos discapacitados”. Sempre se acode ás mesmas fontes, case sempre as oficiais, tendo relegadas a un segundo plano fontes tan importantes coma as de primeira man no mundo do discapacitado, pois case sempre falta o punto de vista das persoas con discapacidade, ou dos propios implicados en todos estes temas.

As informacións sobre discapacidade non teñen que ser estacionais, que todo o ano hai discapacitados e hai novas sobre eles. Para poder normalizar a súa situación faise necesaria unha maior cobertura durante todo o ano, e sobre todo máis diseminada ao longo dos doce meses.

Unhas das medidas máis efectivas podería manter a presenza das persoas con discapacidade permanentemente nos medios de comunicación. Por exemplo, favorecendo a utilización da imaxe de persoas con discapacidade en tódolos ámbitos e en ilustrando novas que non sexan de discapacidade. Desta maneira, normalizaríase a súa imaxe facendo máis visibles na sociedade como unha parte máis.

En conclusión, hai que darlle as persoas con discapacidade o peso real que teñan e deixar de invisibilizalos nos medios de comunicación. Os medios son fundamentais para integrar as persoas con discapacidade como ferramenta de denuncia da desigualdade de oportunidades. Dunha vez por todas os medios teñen que posicionarse en favor dos colectivos minorizados para facer as súas problemáticas visibles e axudar a construír unha sociedade máis xusta.

•

Teresa Barberena Fernández é Licenciada en Ciencias da Comunicación pola Universidade Autónoma de Barcelona e en Ciencias Audiovisuais pola Universidade de Vigo. Actualmente, na etapa de tese na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela e traballando como técnica de comunicación na Concellería de Deportes do Concello de Vigo. Anteriormente, traballou en medios de comunicación escritos galegos e cataláns. As liñas de investigación de interese son a comunicación social e conflitos sociais. E-mail: tareixabf@hotmail.com